

DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO 3/2026 PARA DAR COBERTURA ÁS OBRIGAS DE CARÁCTER ECONOMICO DERIVADAS DOS GASTOS NON SUBVENCIONABLES QUE DEBE APORTAR O CONCELLO DE LUGO NAS ACTUACIÓNS EN CAMIÑOS RURAIS NO PERÍODO 2026-2027, COFINANCIADAS CO FONDO EUROPEO AGRÍCOLA DE DESENVOLVEMENTO RURAL (FEADER) NO MARCO DO PLAN ESTRATÉXICO DA PAC 2023-2027 DE ESPAÑA.

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm.: 3/2026, por un importe total de **26.392,30 €** dentro do vixente orzamento do exercicio 2026, prorrogado do exercicio 2025, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas dos **gastos NON subvencionables que corresponden ao importe do imposto do valor engadido (IVE) e aos honorarios de redacción de proxectos de obra, debendo aportar o Concello de Lugo ese importe.** Estos gastos son consecuencia da publicación No Diario Oficial de Galicia núm. 24 do 05.02.2026 da ORDE do 30 de decembro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria para o ano 2026 das axudas para actuacións en camiños rurais no período 2026-2027, cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Plan estratéxico da PAC 2023-2027 de España, en réxime de concorrencia non competitiva mediante tramitación anticipada de gasto (código de procedemento MR701E).

	Importe
Gasto subvencionable (obra civil vinculada á execución dos proxectos + servizo de control de calidade das obras contratadas)	102.630,00
Gastos NON subvencionables:	26.392,30
O imposto do valor engadido (IVE)	21.552,30
Honorarios de redacción de proxecto de obra	4.840,00

- Vista providencia da adxunta do servizo de Enxeñería, asinada pola adxunta do servizo, Marta Carballal Neira, o 10.02.2026, coa conformidade Excmo Sr. Alcalde do Concello de Lugo, Miguel Fernández Méndez que solicita a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria na modalidade de transferencia de crédito, polo importe de 26.392,30 €, para dar cobertura ás obrigas de carácter económico derivadas dos **gastos NON subvencionables** que corresponden ao importe do imposto do valor engadido (IVE) e aos honorarios de redacción de proxectos de obra, debendo aportar o Concello de Lugo ese importe derivados da convocatoria antes mencionada.

Visto igualmente o informe da Intervención Xeral Municipal Ref: 173/2026, do 13.02.2026 así como o RCMOD Ref.: 7063/2026 por importe de 26.392,30 €

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude

INTERVENCIÓN

LVP/slb

Refª: ispac8478639902312459692.doc

Asunto: Decreto aprobación TC 3/2026 AGADER

do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 26.392,30 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN</u> <u>ORZAMENTARIAS</u> <u>QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN</u> <u>ORZAMENTARIAS QUE</u> <u>INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>C.P.</u>	<u>IMPORTE €</u>
45910.21000	26.392,30 €	45910.60900	26XX00039	26.392,30 €
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	26.392,30 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO		26.392,30 €

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.